

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2021/4

DATA: xoves 25 de febreiro de 2021

LUGAR: mediante vídeo conferencia: <https://jitsi.concelloderianxo.gal/Pleno>

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 22: h

PRESIDE ADOLFO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA accidental VICENTA A. CAMPAÑA MARTINEZ, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG  
ADELINA CES QUINTANS  
TOBIAS BETANZOS REGO  
RAQUEL GARCIA ABUIN  
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO  
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA  
PP  
GERMAN ALLUT VIDAL  
ALICIA CAROU ROMERO  
PSdeG-PSOE  
MARIA JOSE TEMBRA MUÑIZ  
MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES  
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA  
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES  
Rianxo en Común-SON  
JULIO ALCALDE HERMO

AUSENTES

PP  
FRANCISCO RUBIO VICENTE  
MARIANO MOARES RIAL  
Ciudadanos  
SARA MARIA RESUA PATIÑO

ORDE DO DÍA

**PARTE RESOLUTIVA**

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 282.331 exp. 2021/G010/000004

## 1. APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES

### PARTE DE CONTROL

2. Dación de Conta das Resolucíons de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno

3. ADHESIÓN OBXECTIVOS AXENDA 2030

4. APOIO AOS TRABALLAORES/AS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

5. MOCIÓN do grupo municipal PP: PONER EN MARCHA DETERMINADAS MEDIDAS PARA REBAJAR EL PRECIO DE LA LUZ

6. MOCIÓN do grupo municipal PP: APOIO DA REDUCIÓN DE IVE AOS SALÓNS DE PEITADO

7. MOCIÓN grupo municipal PP: APOIO DA TRANSFERENCIA Á XUNTA DE GALICIA DA XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE

8. MOCIÓN do grupo municipal Rianxo en Común: CREACIÓN DUNHA LIÑA DE AXUDAS PARA A PREVENCIÓN DE ATAQUES DA FAUNA SALVAXE

9. MOCIÓN do grupo municipal PSOE: POSICIÓN EN CONTRA DA REFORMA DA LEI DE SAÚDE PÚBLICA.

10. MOCIÓN do grupo municipal BNG: MOBILIZACIÓNS FEMINISTAS DO 8 DE MARZO

11. Rogos e preguntas

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

### DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2021/G010/000004 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=kFq6Sp7RhYQ>

## 1 APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES

### Aprobación Acta nº 13/2020 do Pleno en sesión extraordinaria do 22/12/2020

*Dende o departamento de secretaria advertiuse un erro na acta nº 13/2020 do pleno extraordinario de 22/12/2020, non consta a ratificación da urxencia no único punto da orden do día de dito pleno, polo que se procede a emendar este erro e engadir a ratificación da urxencia quedando da seguinte forma:*

**ADHESIÓN DO CONCELLO DE RIANXO AO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEGAMP PARA ARTICULAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID- 19**

*Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a ADHESIÓN DO CONCELLO DE RIANXO AO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEGAMP PARA ARTICULAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID- 19 sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente aos efectos de dar traslado do acordo a maior brevidade posible, e ante o remate dos prazos.*

*Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.*

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 13/2020 de 22/12/2020 coa rectificación arriba sinalada,

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 22/12/2020, Acta nº 13/2020, así como a emenda arriba sinalada.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e

régime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

#### **Aprobación Acta nº 1/2021 do Pleno en sesión ordinaria do 28/01/2021**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 1/2021 de 28/01/2021.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 28/01/2021, Acta nº 1/2021.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e régimen xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

#### **Aprobación Acta nº 2/2021 do Pleno en sesión extraordinaria urxente do 04/02/2021**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 2/2021 de 04/02/2021.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 04/02/2021, Acta nº 2/2021.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e régimen xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto

legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

### **Aprobación Acta nº 3/2021 do Pleno en sesión extraordinaria do 12/02/2021**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 3/2021 de 12/02/2021.

Propónse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 12/02/2021, Acta nº 3/2021.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

### **2 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO**

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/01/2021 ata o 31/01/2021, que comprenden os números 1/2021 ao 56/2021, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 1 da Sesión extraordinaria do día 14/01/2021

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

### 3 ADHESIÓN OBXECTIVOS AXENDA 2030

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a ADHESIÓN OBXECTIVOS AXENDA 2030 sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asemblea Xeral de Nacións Unidas, aprobou na xuntanza plenaria do 25 ao 27 de setembro de 2015, a declaración denominada Transformar o noso mundo: *a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible*. O Estado Español xunto a 192 países máis subscribiron esa Axenda, que entrou en vigor o día 1 de xaneiro de 2016 (NNUU, 2015). Constitúe un chamado universal á acción para poñer fin á pobreza, protexer o planeta e mellorar as vidas e as perspectivas das persoas en todo o mundo.

Dita Axenda, de aplicación en todos os países, concretarase nun plan de acción a favor das persoas, o planeta e a prosperidade, e enumera 17 obxectivos e 169 metas a alcanzar en todo o planeta até o ano 2030, establecendo que debe ser implementado antes desa data por todos os países e partes interesadas mediante unha alianza de colaboración. Todas as administracións públicas e a sociedade civil no seu conxunto estamos chamados a comprometer nos con esta axenda. Os mencionados dezasete obxectivos expresados dunha maneira xeral serían:

1. Erradicar a pobreza en todas as súas formas en todo o mundo.
2. Poñer fin á fame, conseguir a seguridade alimentaria e unha mellor nutrición, e promover a agricultura sostible.
3. Garantir unha vida saudable e promover o benestar para todos e todas en todas as idades.
4. Garantir unha educación de calidade inclusiva e equitativa, e promover as oportunidades de aprendizaxe permanente para todos.
5. Alcanzar a igualdade entre os xéneros e empoderar a todas as mulleres e nenas.
6. Garantir a dispoñibilidade e a xestión sostible da auga e o saneamento para todos.
7. Asegurar o acceso a enerxías alcanzables, fiables, sostibles e modernas para todos.
8. Fomentar o crecemento económico sostido, inclusivo e sostible, o emprego pleno e produtivo, e o traballo decente para todos.

9. Desenvolver infraestruturas resilientes, promover a industrialización inclusiva e sostible, e fomentar a innovación.
10. Reducir as desigualdades entre países e dentro deles.
11. Consegui que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sostibles.
12. Garantir as pautas de consumo e de produción sostibles.
13. Tomar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos.
14. Conservar e utilizar de forma sostible os océanos, mares e recursos mariños para lograr o desenvolvemento sostible.
15. Protexer, restaurar e promover a utilización sostible dos ecosistemas terrestres, xestionar de maneira sostible os bosques, combater a desertificación e deter e reverter a degradación da terra, e frear a perda de diversidade biolóxica.
16. Promover sociedades pacíficas e inclusivas para o desenvolvemento sostible, facilitar acceso á xustiza para todos e crear institucións eficaces, responsables e inclusivas a todos os niveis.
17. Fortalecer os medios de execución e reavivar a alianza mundial para o desenvolvemento sostible.

As administracións locais xogan un papel esencial na plasmación real dos obxectivos nos territorios xa que estamos en primeira liña, a carón da xente, o primeiro elo de concreción de calquera plan e onde se comprobarán os seus efectos sobre as persoas. No propio texto aprobado polas Nacións Unidas son os municipios fundamentais na renovación que se propugna e diferentes artigos (34, 45, 52) faise un chamamento a esta colaboración e cogobernanza de Estados, Comunidades Autónomas coas autoridades locais.

A Lei de Bases de Réxime Local contempla no seu artigo 7.4, entre outros, a posibilidade de exercer calquera competencia senón se duplica con outras administracións nin se afecta á sustentabilidade financeira.

A Federación Española de Municipios e Provincias, un organismo que xunta a boa parte das municipalidades do Estado creou unha **Rede de Entidades Locais para a Axenda 2030** na que se sumaron máis de 160 entidades para *favorecer a coordinación e intercambio de actuacións entre os Gobernos Locais que a integran, co obxectivo de acadar os mellores resultados na implementación da Axenda 2030 a nivel local.*

Por todo isto propónse ao **Pleno do Concello de Rianxo** para a súa aprobación, se procede, dos seguintes

### **Acordos**

1. Compromiso da Corporación Municipal de Rianxo de asumir o contido e obxectivos da Axenda 2030 como guieiro da actuación municipal no período 2020-2030.
2. Crear un grupo de traballo cos grupos municipais para elaborar a Axenda 2030 Local cun plan de acción concreto que a execute.
3. Abrir esa axenda e plan de acción local á cidadanía para compartir os obxectivos creando unha mesa de traballo Concello-Sociedade Civil.
4. Favorecer a unión con outras administracións (a través de asociacións municipalistas, mancomunidades) para o debate e establecemento de sinerxias para o camiño que sinala a Axenda 2030.

Rematado o debate, sométese a proposta da moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, e 2 membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e 2 abstención (dos 2 membros do grupo PP) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

#### **4 APOIO AOS TRABALLADORES/AS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a **APOIO AOS TRABALLADORES/AS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR** sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

As traballadoras e traballadores do Consorcio Galego de Servizos de igualdade e Benestar pertencentes ás escola infantil Galiña Azul de Rianxo, ao igual que as Escolas da Galiña Azul de Cambre-A Barcala, A Fonsagrada, Fene, Ortigueira, Boiro, Pantón, Vilaboa, Cerdedo, Oia, Taboada e Portas xunto aos Centros de Día de Valga, Ortigueira, Portas, Ribadeo, Boiro, Cerdedo, Vilar de Santos, As Neves, Vigo, Muros (persoal trasladado a Carnota), Sada (persoal trasladado do centro de día de Oleiros Pazo de Areaza) e CAMP de Taboadela; que vimos prestando servizos dende o ano 2007 tras a superación, con obtención da nosa praza, nos correspondentes procesos selectivos mediante concurso-oposición para a provisión temporal de postos de traballo,



convocados a través das distintas publicacións no DOGA no mes de abril dese mesmo ano.

Queremos Expoñer:

A nosa gran preocupación pola inxusta situación laboral e o perigo que corre o noso posto de traballo, despois de case 14 anos, ante o anuncio dunhas oposición de acceso libre coa súa publicación recente no DOGA do 29 de decembro de 2020.

Para a posta en marcha da rede de servizos sociais que xestionase: escolas infantís, centros de día, centros Quérote, e CEMVI, e para o desempeño de todas as labores que se ían realizar neses centros, o CGSIB convocou os referidos procesos selectivos mediante a súas correspondentes publicacións no DOGA no mes de abril de 2017, e das súas bases na propia páxina web do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Todos eles, fixéronse por medio de **concurso-oposición** para a provisión temporal de posto de traballo por obra e servizo, respectando ditos procesos **os principios de libre concorrancia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade**.

Pero estas prazas eran estruturais, non temporais e o proceso cumpría os requisitos constitucionais e do Estatuto Básico do Emprego Público. **Cada un de nos aprobamos con praza este proceso selectivo nos correspondentes centros aos que pertencemos**

Tras a superación con praza do proceso selectivo, cada un de nós firmamos un contrato por obra e servizo. Era un contrato temporal, polo que ao cabo dun par de anos os sindicatos denuncian esta situación á inspección de traballo que determina que os contratos son fraudulentos.

Tras dito recoñecemento pola inspección, o Consorcio emite resolucións individuais recoñecendo o carácter indefinido non fixo da nosa relación laboral.

No ano 2008, houbo procesos similares ao noso concurso-oposición para outros centros de concellos veciños ao noso, que abriron cunha contratación xa como persoal laboral fixo deste organismo.

Posteriormente, **no ano 2009 sacáronse as bases para a estabilización de de emprego dos nosos centros**, que finalmente foron impugnadas e anuladas **sen sacarse a posteriori ningún outro proceso para a estabilización dos nosos postos**.

**Por todo isto, atopámonos nunha inseguridade xurídica e laboral derivada dun abuso na temporalidade e fraude de lei na contratación.**

Aínda que as prazas dos procesos selectivos que superamos se convocaron para un posto temporal, cando son prazas estruturais, isto é algo irrelevante, pois o que contrata é o Consorcio e por tanto o que debe asumir ás súas obrigas, sendo significativo que o proceso que se levou a cabo foi totalmente regulamentario e en nada diferiu do que celebrou o propio Consorcio para cubrir postos fixos no ano 2008.

**A xurisprudencia do TS esixe que o acceso ao emprego público garanta os principios de**

**igualdade, mérito, capacidade e publicidade, requisito que se cumpre no noso caso.**

Á súa vez, a doutrina do TSXG establece “que se a sanción ante o uso abusivo ou fraudulento da contratación temporal para o sector privado é a declaración de indefensión equivalente á fixeza, e o motivo de que non se aplica esta doutrina no sector público - e si a figura de indefinido non fixo - é porque elo supoñería que accedan a postos fixos persoas que non superaron un proceso de selección conforme aos principios de igualdade, mérito e capacidade, non pode aplicarse a mesma solución cando si se acadou a praza nese proceso selectivo. É a Administración Pública a que optou por unha contratación temporal fraudulenta cando os postos de traballo eran de natureza estrutural e polo tanto deberían ser convocados como fixos dende o principio.”

A actual OPE aprobada líquida todos os nosos dereitos adquiridos tras a superación dos procesos selectivos e a obtención da nosa praza. Sobre isto, entendemos que ten coñecemento das actuais leis que se están a aprobar noutras Comunidades Autónomas con respecto ao persoal indefinido de longa duración na Administración. De igual maneira, a nivel Estatal tamén se está a ter un acordo no Congreso para reformar con urxencia o Estatuto do Empregado Público con respecto á temporalidade.

O que SI sabemos é que pola nosa banda, dende un inicio, apostamos e nos implicamos con ilusión, dedicación e agarimo nun Proxecto e nunha Rede que a Administración creou para dar a prestación dun servizo de calidade á infancia e as persoas maiores dependentes.

O proceso selectivo que fixemos, deunos acceso ao noso posto de traballo, traballo que temos máis que demostrado que defendemos dende hai case catorce anos. Volver a facer un proceso selectivo sería totalmente innecesario e inxusto, xa que por riba de telo feito xa, as nosas condicións son totalmente desfavorecedoras con respecto a outras estudantes, xa que a nosa situación individual trocou completamente, sendo case todas mulleres e tendo catorce anos máis, estar traballando e ter cargas familiares, na meirande parte dos casos.

Pola nosa banda o que lle esiximos á Administración é que se replantee este proceso de estabilización e consolidación. O seu erro, no seu fraude de lei na contratación, non pode xerar unha inestabilidade no noso emprego ou un cese no noso posto de traballo por unha situación fraudulenta e abuso na temporalidade da que nós en ningún momento somos responsables.

Por todo isto, queremos manifestar o noso **TOTAL DESACORDO** ante esta fórmula de estabilización e consolidación de emprego das nosas prazas reflectidas nesta OPE,

polo que Demandamos:

1. Que o Concello de Rianxo, que asumiu no seu día a responsabilidade do proceso selectivo cumprindo todos os requisitos que marca a lei (publicidade, acceso libre, igualdade e demostración de méritos e capacidade), apoie a nosa situación de cara a que

esta oferta publica de emprego se anule. Ademais, que polo órgano autonómico correspondente se teña en consideración a súa demanda de estabilidade laboral, coa fixeza do seu posto, que segundo consta no seu escrito xa superaron con praza un proceso selectivo e levan case catorce anos desenvolvendo na escola infantil a súa labor diaria na atención das/os nenas/os e as súas familias, que Cumpren toda a legalidade para obter os seus postos de traballo na administración por medio do concurso-oposición e demostrando a súa valía no facer do día a día durante todos estes anos.

2. Un encontro en busca dunha solución que teña en conta os nosos dereitos como traballadoras e traballadores do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación.

O voceiro do grupo municipal Rianxo en Común sinala que está conforme coa moción, pero sinala que debería engadirse un terceiro punto que diga:

*3º Demandar da Xunta de Galicia a busca dunha solución dialogada que teña en conta os dereitos como traballadores/as do Consorcio do servizo de Igualdade e Benestar, apoiando os traballadores/as da escola infantil de Rianxo.*

Manifestando os diferentes voceiros, a súa conformidade á someter á votación a moción presentada coa emenda indicada, o Pleno da Corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción coa emenda sinalada no debate, resultando APROBADA nos seguintes termos:

1. Que o Concello de Rianxo, que asumiu no seu día a responsabilidade do proceso selectivo cumprindo todos os requisitos que marca a lei (publicidade, acceso libre, igualdade e demostración de méritos e capacidade), apoie a nosa situación de cara a que esta oferta publica de emprego se anule. Ademais, que polo órgano autonómico correspondente se teña en consideración a súa demanda de estabilidade laboral, coa fixeza do seu posto, que segundo consta no seu escrito xa superaron con praza un proceso selectivo e levan case catorce anos desenvolvendo na escola infantil a súa labor diaria na atención das/os nenas/os e as súas familias, que Cumpren toda a legalidade para obter os seus postos de traballo na administración por medio do concurso-oposición e demostrando a súa valía no facer do día a día durante todos estes anos.

2. Un encontro en busca dunha solución que teña en conta os nosos dereitos como traballadoras e traballadores do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

3. Demandar da Xunta de Galicia a busca dunha solución dialogada que teña en conta os dereitos como traballadores/as do Consorcio do servizo de Igualdade e Benestar, apoiando os traballadores/as da escola infantil de Rianxo.

### **5 MOCIÓN do grupo municipal PP: PONER EN MARCHA DETERMINADAS MEDIDAS PARA REBAJAR EL PRECIO DE LA LUZ**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a **PONER EN MARCHA DETERMINADAS MEDIDAS PARA REBAJAR EL PRECIO DE LA LUZ** sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante la ola de nieve y frío más extrema que ha atravesado nuestro país en décadas el precio de la electricidad en España ha marcado máximos históricos por dos ocasiones, los días 8 (94,99 €/MWh de media con un máximo de 114,89 €/MWh a las 20:00 h) y 13 (84,99 €/MWh de media con un máximo de 112,84 €/MWh entre las 21:00 y 22:00 h) de enero de 2021.

Ante esta subida histórica de los precios algunas fuerzas políticas se han lanzado a criticar a las empresas y al mercado y a proponer un mayor intervencionismo del gobierno en el sector eléctrico, planteando incluso la nacionalización de empresas, pasando por alto, de manera interesada, dos **datos de gran importancia**:

**1. en España menos de un 40% de la factura de la luz depende del precio de la electricidad y del mercado.**

**El resto, se debe a los costes regulatorios derivados de la gestión política** (por ejemplo, subvenciones a las renovables o al carbón o el déficit de tarifa, entre otras) y **a los impuestos** (ej.: el Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica, entre otros).

**2. según datos proporcionados por Eurostat, al cierre de 2019 el precio del kilovatio hora en España era el quinto más alto de la Unión Europea** (sólo por detrás de Dinamarca, Alemania, Bélgica) **y nuestro país se sitúa entre los 10 primeros países de la Unión que mayor IVA aplica** a este producto.

Y obviando, además, que en los países europeos en los que la principal empresa eléctrica es pública la factura del consumidor final se ha incrementado también en la ola de frío entre un 30% y un 50% o que Barcelona Eléctrica (la empresa pública de electricidad creada por el

Ayuntamiento de Barcelona dirigido por Barcelona en Comú) vende la luz más cara que el resto de empresas privadas y disfrazando de buenas intenciones una propuesta que no da una respuesta eficaz a este problema y solo puede definirse como populista y demagógica.

Por otro lado, hay que indicar que **el Gobierno de España para justificar su negativa actuar y rebajar el precio de la luz a millones de hogares españoles, de manera falsaria:**

1- afirma que gracias a su acción política el recibo de la luz bajo en un 40% el año pasado cuando esa rebaja se debió a la caída de la demanda por la pandemia y a la bajada de precio del gas y del petróleo en 2020.

2- y se velle a escudar en Europa para rechazar bajar el IVA aplicado a la electricidad cuando la realidad es que varios países europeos tienen tipos más bajos que España en la tarifas que afectan a los consumidores

Ante esta negativa, debemos recordar:

1- la reforma del sector eléctrico realizada por el gobierno del Partido Popular en el año 2013 que evitó un aumento del precio de la electricidad del 42%

2- y la Proposición de Ley presentada por el Grupo Parlamentario Popular en 2018 en el Congreso de los Diputados que proponía bajar del 7% al 0% el tipo de gravamen del Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica.

**Tras constatar la nula sensibilidad social y la inacción del gobierno de España, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Rianxo, presenta la siguiente:**

#### **PROPUESTA DE ACUERDO**

Instar al Gobierno de España a tomar las siguientes medidas para impedir que el aumento espectacular del precio de la energía eléctrica lastre la economía personal y familiar de los españoles ya especialmente dañada por los efectos de la pandemia:

1- rebajar el tipo de gravamen del Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica del 7% al 0%, modificando para ello el Artíc. 8 de la Ley 15/2012 de medidas fiscales para la sostenibilidad energética, tal y como se recoger en la Proposición de Ley presentada por el Partido Popular el 18 de septiembre de 2018 y que ha caducado debido a la falta de voluntad del gobierno de España por debatir este asunto.

2- modificar la Ley 24/2013 del Sector Eléctrico para, entre otros aspectos, que determinados costes regulatorios que se trasladan a la factura eléctrica como la deuda del sistema eléctrico sean financiados íntegramente con cargo a los Presupuestos Generales del Estado tal y como propone la Proposición de Ley presentada por el Partido Popular el pasado 19 de enero.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación.

O concelleiro do grupo municipal BNG Tobias Betanzos Rego sinala que apoian a moción, pero di que debería engadirse un terceiro punto que diga:

*3º O excedente de enerxía que se produce en Galicia redunde en beneficio da tarifa exclusivamente para os galegos.*

Manifestando os diferentes voceiros, a súa conformidade, sometese á votación a moción presentada coa emenda indicada, o Pleno da Corporación, ACORDA por 10 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 2 dos membros do grupo PP e 2 do grupo de Rianxo en Común), cero votos en contra e catro abstencións (4 dos membros do grupo PSOE) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA a moción coa emenda sinalada no debate nos seguintes termos:

1º rebaixar o tipo de gravame do imposto sobre o Valor da Producción de Enerxía Eléctrica do 7% ao 0%, modificando para elo o Artíc. 8 da Lei 15/2012 de medidas fiscais para a sostenibilidade enerxética, tal e como se recolle na Proposición de Lei presentada polo Partido Popular o 18 de setembro de 2018 e que caducou debido a falta de vontade do goberno de España por debater este asunto.

2º modificar a Lei 24/2013 do Sector Eléctrico para, entre outros aspectos, que certos custos regulamentarios se trasladen a factura eléctrica, como a débeda do sistema eléctrico sexan financiados integramente con cargo aos Presupostos xerais do Estado tal e como propón a Proposición de Lei presentada polo Partido Popular o pasado 19 de xaneiro.

3º O excedente de enerxía que se produce en Galicia redunde en beneficio da tarifa exclusivamente para os galegos.

## **6 MOCIÓN do grupo municipal PP: APOIO DA REDUCIÓN DE IVE AOS SALÓNS DE PEITADO**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a **APOIO DA REDUCIÓN DE IVE AOS SALÓNS DE PEITADO** sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os salóns de peiteado representan un importante sector económico do tecido empresarial do noso país. Durante os últimos anos estes profesionais veñen atravesando unha notable crise, que se veu agravada coa chegada da pandemia da Covid-19.

A restricións derivadas da situación sanitaria e a práctica desaparición de celebracións e eventos festivos, están abocando á desaparición a centos de profesionais e empresas do sector.

Só en Galicia, o impacto da crise sanitaria provocou o peche de máis 300 negocios de peiteado e unha caída na súa facturación que supera o 30%. Estes negocios, na súa maioría pequenas e médianas empresas, supoñen un número considerable de postos de traballo.

Cabe destacar tamén, o esforzo realizado polo sector para adaptarse á normativa recomendada polas autoridades sanitarias, o que supuxo tamén un importante investimento que, apoiados pola administración autonómica, tiveron que asumir directamente.

O pasado 21 de xaneiro, o Grupo Parlamentario Popular, logo do diálogo cos traballadores galegos do sector, rexistrou no Parlamento de Galicia unha Proposición non de lei para instar ao goberno central unha baixada do IVE, pasando do 21% actual, ao 10%, por consideralo unha das medidas fundamentais para garantir a supervivencia deste sector.

Desde este concello debemos tamén sumarnos a esta proposta de redución que se fundamenta, entre outras cuestións, na súa cualificación por parte do Goberno central como servizo esencial durante o Estado de Alarma. Pois ademais do seu traballo no ámbito da estética, realizan unha importante labor hixiénica e sanitaria, especialmente para as persoas dependentes.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Rianxo, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Demandar ao Goberno do Estado a redución do IVE dos salóns de peiteado, pasando do actual 21% a un 10%, dando o apoio necesario para garantir a supervivencia deste sector e dos postos de traballo que manteñen, nun momento de especial necesidade pormor da crise da Covid-19

Rematado o debate, sométese a proposta da moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, dos 2 membros do PP e 2 dos membros do grupo REC) cero votos en contra e catro abstencións ( dos 4 membros do grupo PSOE) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

## **7 MOCIÓN grupo municipal PP: APOIO DA TRANSFERENCIA Á XUNTA DE GALICIA DA XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a **APOIO DA TRANSFERENCIA Á XUNTA DE GALICIA DA XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE** sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia conta con 2.091 quilómetros de perímetro costeiro insular e peninsular, sendo a comunidade con máis territorio costeiro. Por esta razón, a comunidade galega leva solicitando ao Goberno central desde 2009 o traspaso das competencias en materia de xestión do dominio público marítimo terrestre.

Principalmente, reclámase esta xestión porque se trata dun territorio que ten unha especial vinculación con materias que xa son actualmente de competencia autonómica, como son a regulamentación urbanística, a construción de portos ou o control de vertidos na costa.

Ante a existencia de dous niveles administrativos diferentes nesta zona, considerase imprescindible continuar reclamando ao Estado o traspaso a Galicia das competencias para a xestión do dominio público marítimo terrestre.

O obxectivo desta reclamación é acadar unha mellor prestación do servizo público, facéndoo a través dunha xestión de proximidade e cun coñecemento máis detallado da nosa realidade costeira, referendada coa aprobación do Plan de Ordenación do Litoral.

Polo exposto, o Grupo Municipal popular no concello de Rianxo, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**

***"Instar ao Goberno central a proceder ao traspaso de competencias á Xunta de Galicia para a xestión do dominio público marítimo terrestre"***

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta da moción nos termos desta.

#### **8 MOCIÓN do grupo municipal Rianxo en Común: CREACIÓN DUNHA LIÑA DE AXUDAS PARA A PREVENCIÓN DE ATAQUES DA FAUNA SALVAXE**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á



consideración do Pleno a Moción relativa a **CREACIÓN DUNHA LIÑA DE AXUDAS PARA A PREVENCIÓN DE ATAQUES DA FAUNA SALVAXE** sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, **APROBÁNDOSE** a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pesar de que non se dispón de datos exhaustivos nin dun censo clarificador da situación actual, así como da evolución en relación aos anos precedentes, non é aventurado dicir que dun tempo a esta parte a poboación de xabaril no pats, e particularmente na nosa comarca, se incrementou de maneira notable. Os danos que esta especie causa anualmente nos cultivos son a causa, ou unha delas, de que cada vez sexa maior o número de hectáreas de terreos agrícolas sen cultivar no noso Concello. A esta situación sumóuselle nos últimos meses un incremento do número de ataque de lobo ao gando ovino, unha problemática que víamos como algo alleo ao noso municipio mais que se comeza a resultar habitual.

A crise mundial provocada pola Covid-19 puxo de manifesto, entre outras cousas, a necesidade de contar con produtores locais e con redes de abastecemento de produtos alimenticios de proximidade nas que, o autoconsumo, xoga tamén un papel fundamental. Este panorama bate frontalmente coa tendencia que aquelas persoas que vivimos na aldea levamos anos experimentando, unha tendencia marcada polo abandono de terras cultivables, pola incapacidade de sacar adiante cultivos para o autoconsumo - non digamos xa para outros propósitos - e, en consecuencia, unha tendencia marcada por unha selvaticización dos nosos entornos rurais. Os ataques da fauna salvaxe aos cultivos actuaron como un motor máis desa tendencia polo que dende Rianxo en Común pensamos urxe tratar de combatelos.

Somos conscientes de que o problema fundamental que aquí expoñemos, ou máis ben a resolución do mesmo, lle corresponde á Administración autonómica. Porén, sabemos tamén da falta de interese e incompetencia manifestada polos responsables da mesma nos últimos anos. Non podemos pois, na nosa opinión, seguir mirando para quen non quere facer, senón que debemos traballar para estudar, e no seu caso implementar, as aquelas medidas que sexan de utilidade para combater a problemática que describimos.

En base a isto e a todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal de Rianxo en Común, **PROPONLLE AO PLENO DO CONCELLO DE RIANXO A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:**

1. Que o Goberno Municipal proceda á inmediata convocatoria da Comisión de Medio Ambiente, con vistas ao inicio da negociación dun fondo para a creación dunha liña de axudas municipais que, a través da súa delimitación nos orzamentos de 2021, permita subvencionar a instalación de dispositivos de prevención contra os ataques da fauna salvaxe naquelas fincas do noso municipio

cultivadas ou dedicadas á cría de gando.

2. Instar á Xunta de Galicia á realización dun estudo rigoroso sobre o censo e distribución das poboacións de fauna salvaxe máis problemáticas, particularmente de xabaril, e a que asuma a responsabilidade civil subsidiaria dos danos causados pola fauna salvaxe no noso municipio.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación.

A voceira do grupo municipal PSOE pide que se modifique o 1º punto do acordo: "á inmediata convocatoria da Comisión de Medio Ambiente, con vistas ao inicio da negociación dun fondo para a creación dunha liña de axudas municipais que, a través da súa delimitación nos orzamentos de 202L, permita subvencionar a instalación de dispositivos de prevención contra os ataques da fauna salvaxe naquelas fincas do noso municipio cultivadas ou dedicadas á cría de gando."

debendo poñer:

*Que o Goberno Municipal proceda a Convocar o mais axiña posible para abordar a cuestión para estudo dunha liña de axudas contra os ataques da fauna salvaxe naquelas fincas do noso municipio cultivadas ou dedicadas a cría de gando.*

Manifestando os diferentes voceiros, a súa conformidade á someter á votación a moción presentada coa emenda indicada, o Pleno da Corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción coa emenda sinalada no debate, resultando APROBADA nos seguintes termos:

1. Que o Goberno Municipal proceda a Convocar o mais axiña posible para abordar a cuestión para estudo dunha liña de axudas contra os ataques da fauna salvaxe naquelas fincas do noso municipio cultivadas ou dedicadas a cría de gando.

2. Instar á Xunta de Galicia á realización dun estudo rigoroso sobre o censo e distribución das poboacións de fauna salvaxe máis problemáticas, particularmente de xabaril, e a que asuma a responsabilidade civil subsidiaria dos danos causados pola fauna salvaxe no noso municipio.

## **9 MOCIÓN do grupo municipal PSOE: POSICIÓN EN CONTRA DA REFORMA DA LEI DE SAÚDE PÚBLICA.**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a **POSICIÓN EN CONTRA DA REFORMA DA LEI DE**

**SAÚDE PÚBLICA.** sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, **APROBÁNDOSE** a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Saúde 8/2008 de Galicia foi a primeira lei integral de saúde de Galicia, dotando á autonomía dun marco legislativo necesario e sólido para poder afrontar as necesidades dun ben prezado como é a sanidade pública. Entre as cuestións que nesta lei se trataron existiron aspectos referidos á saúde pública, contando coas medidas que o goberno de Galicia pode adoptar por necesidades asociadas a esta área e, incluso, cun regulamento que implicaba sancións debido a incumprimentos que provocaran problemas sanitarios. Esta lei está fundamentada nos dereitos dos pacientes e, como concepto xeral, nunha visión integral da saúde e da promoción e protección dela a través dos mecanismos que un sistema sanitario público debe ter.

A pandemia provocada polo coronavirus afectou a todo o conxunto da poboación, e particularmente ao sistema sanitario. A situación, moi excepcional, motivou tamén a necesidade de outorgar ás administracións un corpo legal que permita tomar as decisións necesarias para controlar o efecto expansivo do virus. A este respecto o Estado de Alarma, mecanismo excepcional contemplado na Constitución Española, resultou ser unha ferramenta relevante e que permitiu afrontar difíciles decisións ademais de aportar posibilidades que, nunha situación normal, non poderían ser tomadas. Este Estado de Alarma, non entanto, foi criticado e discutido por diversos partidos, principalmente o Partido Popular (aínda que non soamente) que quixeron descabalgar ao goberno de España e quixeron utilizar a pandemia para facer ataques partidistas nun momento tan delicado.

Ao fin do ano 2020 o Partido Popular de Galicia iniciou un proceso parlamentario para reformular algúns aspectos da Lei de Saúde 8/2008 de Galicia, co obxectivo de introducir novas medidas co suposto obxectivo de combater a pandemia. Estas medidas continuaron a súa tramitación e a aprobación de dita modificación da Lei xa un ano despois do inicio da pandemia.

A pesares dos anuncios e intentos de dulcificación, a proposta legislativa que propón o Partido Popular de Galicia ten implicacións legais de gravidade. As propostas incluídas implican, de facto, a implantación definitiva dun estado de alarma permanente en Galicia, con implicacións de carácter constitucional respecto da posibilidade de limitar “dereitos fundamentais e liberdades públicas” como é referido na propia proposta aínda que estes aspectos non poidan ser modificados e alterados nunha lei de rango autonómico. A normativa incluirá, tamén, a capacidade de que sexan considerados autoridade sanitaria todos os membros da administración, sexa local ou autonómica, sexan membros do eido sanitario ou non. Estas

denominadas autoridades sanitarias terán a capacidade de ditaminar ordes de peche de negocios, requisar materiais ou advertir posibles sancións á persoas concretas coa mera causa de considerar, persoalmente, que existe un risco. Estas medidas poderán ser demandadas por tal autoridade sanitaria aos corpos e forzas de seguridade, que deben facilitar estas accións sen poder opoñerse. A normativa actual pretende, ademais, evitar procedementos administrativos nas sancións, ou incluso evitar a petición de autorización xudicial para medidas de restricións, como ata o de agora.

A normativa tamén implica a aprobación dos tratamentos obrigatorios para os casos que sexan considerados de interese polas autoridades sanitarias responsables, incluída a obrigatoriedade da vacinación, mencionado expresamente que estes casos poden darse “aínda que exista incerteza científica”, apoiándose na consideración arbitraria de quen corresponda.

A aprobación desta normativa suporá unha vulneración de dereitos, inapropiada e innecesaria. A situación excepcional que vivimos na pandemia xera un estado de medo e incertezas comprensibles e que desacougan á poboación. Non entanto, a utilización dos medos e os temores para legislar contra os dereitos cidadáns en favor das restricións non é posible aceptalo. Os gobernos deben manter a capacidade de xestionar e dirixir as accións contra a pandemia, pero non aproveitarse deste escenario para implementar medidas de corte autoritario, e moito menos pretender alterar principios básicos de todo o Estado a través de medidas autonómicas que poden ter serios problemas de validez.

#### **Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista de Rianxo solicita ao Pleno:**

O rexeitamento á modificación da Lei de Saúde de Galicia proposta no Parlamento de Galicia, e insta ao goberno da Xunta de Galicia a iniciar una reforma da dita Lei en consenso con todas as forzas políticas con representación parlamentaria, axentes sociais, sociedades científicas, representantes das administracións locais e do ámbito xurídico galego. Esta reforma estará orientada a mellorar, de ser necesario, os aspectos que poidan contribuir a optimizar o sistema legal que sexa preciso pero sen implantar medidas de restricións de liberdades e dereitos individuais e facelo, ademais, de acordo coas valoracións sanitarias nos aspectos en que sexa preciso.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta da moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e dos 2 membros do grupo REC ), dous votos en contra (2 dos membros do grupo PP) e cero abstencións dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

## **10 MOCIÓN do grupo municipal BNG: MOBILIZACIÓNS FEMINISTAS DO 8 DE MARZO**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a **MOBILIZACIÓNS FEMINISTAS DO 8 DE MARZO**. sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, **APROBÁNDOSE** a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Este 8 de marzo de 2021 as mulleres facemos folga en Galiza porque se algo demostrou a pandemia da covid-19 e esta crise sen precedentes é a importancia da nosa forza para soste-lo presente, pero tamén a profunda desigualdade do sistema económico e social, que debe ser contestado e transformado a través da mobilización e do feminismo.

A pandemia fixo visíbel o papel esencial das mulleres para o sostemento da vida e aqueles traballos esenciais para a sociedade. Estes empregos están ocupados maioritariamente por mulleres e son, ademais, os máis precarios e invisibilizados, moitos deles mesmo sen cobertura legal. As caixeiras, as limpadoras, as traballadoras domésticas, as coidadoras de diferentes ámbitos, as sanitarias, etc foron visíbeis no comezo desta crise e aparentemente recoñecidas social e institucionalmente. Porén, un ano despois as súas condicións laborais, económicas e sociais non melloraron, senón ao contrario. Hoxe estes sectores sofren un maior impacto pola precariedade das súas condicións, a carencia dun sistema público de servizos básicos forte e a falta de medidas por parte da Xunta e do goberno central, que se poñen de perfil aliñándose cun sistema patriarcal e inxusto.

A crise da covid-19 deixou en Galiza unha destrución de 21.000 empregos dos que 15.900 estaban ocupados por mulleres. Así mesmo, a fenda salarial malia ser ilegal continúa a superar o 20% e ten tamén o seu correlato na fenda das pensións, cobrando as pensionistas galegas unha media de 300 euros menos. Unha situación agravada por esta crise, que continuará empeorando de non tomarse medidas contundentes encamiñadas a que a reactivación económica e social non se desenvolva a costa das mulleres, un camiño para o que é imprescindible a dignificación do marco laboral coa derogación total das reformas laborais de 2010 e 2012 e das reformas das pensións de 2011 e 2013.

Na Galiza pre-covid de hai un ano o feminismo galego tomaba as rúas baixo o lema “sen coidados non hai vida” e a pandemia demostrou o seu acerto. Porén, un ano despois a situación non mellorou e hoxe son máis as mulleres precarizadas e as que tiveron que asumir de balde

traballos de coidado que deberan estar cubertos polos servizos públicos. A actual crise ten un impacto enorme en sectores amplamente feminizados (coidados, servizos, comercio, sanidade, alimentación...) e foron os sectores protagonizados por mulleres os que máis riscos asumiron respecto da súa propia saúde pola falta de medidas. Así mesmo, a violencia contra as mulleres segue presente e hai un enorme retroceso na súa visibilidade, ademais de enormes dificultades para romper coa espiral de violencia derivadas das restricións sanitarias e das dificultades para acceder a servizos e ter contacto social.

O feminismo galego impulsou no noso país unha resposta social sen precedentes que inzou as rúas os 8 de marzo dos anos anteriores, precedidas de históricas mobilizacións nacionais en Verín, Lugo, Vigo e Santiago de Compostela desde que no ano 2017 se fixeron as primeiras convocatorias de apoio á folga internacional, emanada de Latinoamérica. Neste 2021, por circunstancias sanitarias, as mobilizacións serán necesariamente locais ou comarcais e máis reducidas, pero coa mesma fortaleza e contundencia. Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que corresponde ás institucións escoitar e recoñecer os debates que o feminismo galego está a colocar na axenda social e comprometer os nosos esforzos en corrixir as desigualdades que se agravan na Galiza de 2021.

Cómpre dar unha forte resposta a esta situación. Non podemos permitir que a pandemia sexa a coartada para conxelar avances sociais nin para retroceder nos nosos dereitos. Esta crise non a imos pagar as mulleres. Hoxe, as que sostemos o presente imos saír ás rúas e facer folga para cambiar o futuro, para construír un futuro de igualdade, liberdade e feminismo.

Por todo o exposto o Pleno do Concello Acorda:

- 1) Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2021 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, que demostrou como a vida non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.
- 2) Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. E da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminacións por razón de xénero.
- 3) Instar á Xunta de Galiza a asumir as súas competencias en materia de atención á dependencia. Mentres tanto, e en canto estas competencias sexan exercidas nunha parte fundamental polos concellos galegos, incrementar nomeadamente o financiamento que achega ao sostemento do Servizo de Axuda no Fogar para cubrir o custe real da

prestación do servizo así como a modificación da actual normativa para que as empresas que vulneren os dereitos laborais e salariais das traballadoras non poidan concorrer aos procesos de licitación.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación.

A voceira do grupo municipal PSOE sinala que debería modificarse o segundo punto, indicando:

*2º Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e estudar a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. E da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminación por razón de xénero.*

Manifestando os diferentes voceiros, a súa conformidade á someter á votación a moción presentada coa emenda indicada, o Pleno da Corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción coa emenda sinalada no debate, resultando APROBADA nos seguintes termos:

1) Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2021 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, que demostrou como a vida non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuindo a superar esta situación.

2) Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e estudar a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. E da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminación por razón de xénero.

3) Instar á Xunta de Galiza a asumir as súas competencias en materia de atención á dependencia. Mentres tanto, e en canto estas competencias sexan exercidas nunha parte fundamental polos concellos galegos, incrementar nomeadamente o financiamento que achega ao sostemento do Servizo de Axuda no Fogar para cubrir o custe real da prestación do servizo así como a modificación da actual normativa para que as empresas que vulneren os dereitos laborais e salariais das traballadoras non poidan concorrer aos procesos de licitación.

## 11 ROGOS E PREGUNTAS

### DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2021/G010/000004 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=kFq6Sp7RhYQ>**